



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Servizo Sociocomunitario

Aprobación definitiva do Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Narón, na sesión de data 28 de xullo de 2022, o “Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas” e unha vez sometido este acordo a información pública e audiencia ós interesados por período de trinta días hábiles mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 146, de data 3 de agosto de 2022, sen que se producira ningunha reclamación nin suxestión, de conformidade co disposto no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado, procedéndose á publicación íntegra do seu texto de acordo co establecido no artigo 70.2 da citada Lei.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles desde a publicación definitiva do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

O texto íntegro do Regulamento aprobado definitivamente é o seguinte:

REGULAMENTO DE AXUDAS FINANCEIRAS PARA A ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIAIS BÁSICAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25.2.k); a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80 apartado k), e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60.1 a) e b), atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Asemade, o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9 como Programa básico de servizos sociais o Programa de inserción social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas”. O artigo 23 b) especificamente di que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, acorde co principio de responsabilidade pública, establece que se dispensará especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e a aquelas que se encontran en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, atribuíndo ao municipio as competencias na execución de programas e proxectos de atención ás familias, no marco da lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlense, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

O Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, como o instrumento mediante o que se relaciona ao conxunto de servizos e prestacións económicas destinados a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión

social é de aplicación a todas as entidades públicas ou privadas recoñecidas polo órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma para a prestación de servizos sociais no ámbito da inclusión.

Abundando nestes preceptos legais, a Lei 19/2021, do 29 de maio, pola que se establece o Ingreso Mínimo Vital expón que España é un dos países da Unión Europea cunha distribución da renda entre fogares máis desigual e concibe o IMV como unha ferramenta para facilitar a transición dos individuos desde a exclusión social a unha situación de participación plena na sociedade. Desde este punto de vista, as medidas pola inclusión social contempladas neste regulamento poden contribuír ao logro dese obxectivo normalizador, e actuar de medidas facilitadoras cara á súa consecución.

Xa por último, o artigo 29 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que queda redactado como segue: “2. Non teñen carácter de subvención: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas e as prestacións autonómicas de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.”. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial, sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións, de maneira similar a como xa se veñen xestionando desde hai anos as axudas de inclusión social (AIS) por parte da administración autonómica. Sinalar que todas estas medidas teñen a pretensión de ser unha primeira resposta áxil e eficaz a situacións carenciais na cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade.

Tendo en conta o anterior, quedan excluídas deste regulamento outras axudas que, se ben contribúen a paliar situacións de exclusión, polas súas características, non se considera que teñan carácter de axudas de “emerxencia”, e deben ser reguladas por convocatoria pública, atendendo ás circunstancias concorrentes. Entre estas axudas están as de acoetidas de auga e saneamento da zona rural, o bonobús universitario, agasallos de nadal, e as demais axudas que non se contemplan neste regulamento.

CAPÍTULO I.-OBJECTO, DEFINICIÓN, TIPOLOXÍA E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto deste regulamento o desenvolvemento dun conxunto de axudas e actuacións inmediatas dirixidas a favorecer a inclusión social das persoas, corrixir desigualdades, colaborar na cobertura das súas necesidades básicas, evitar situacións de exclusión, así como favorecer a autonomía e inserción social e laboral, desde unha perspectiva integral e normalizadora, no ámbito do concello de Narón.

Artigo 2.- Definición

Son axudas económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas, ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións de emerxencia social. Servirán, así mesmo, para previr situacións de exclusión social e a contribuír á integración social e inserción laboral.

Artigo 3.- Tipoloxía

As axudas económicas de emerxencia, atendendo ao procedemento de valoración e concesión, se clasifican en:

3.1.- Axudas que non precisan prescrición técnica para a súa concesión.

Serán aquelas axudas ás que poderán acceder as familias, unha vez acreditados os requisitos documentais que se establecen no presente regulamento. Estas axudas son:

- Axudas para comedor escolar.
- Axudas para material escolar.

Non obstante non ser preciso prescrición técnica para a tramitación e concesión destas axudas, nos supostos en que a documentación aportada non fose suficiente, ou fose incompleta, e así se considere necesario, a UTS correspondente poderá emitir informe xustificativo da necesidade de concesión desta axuda.

3.2.- Axudas que precisan prescrición técnica para a súa concesión.

Serán aquelas axudas que precisan valoración técnica das UTS para determinar a súa necesidade, importe a conceder, prazo de xustificación, e outros extremos que se consideren necesarios. Estas axudas son:

- Axudas para a alimentación infantil pediátrica.
- Axudas económicas para a garantía da vivenda habitual.
- Axudas económicas para sufragar gastos derivados do uso da vivenda habitual.
- Axudas económicas para necesidades urxentes diversas.

- Axudas económica de apoio socio-educativo a menores.
- Axudas económicas para o aloxamento alternativo.
- Axudas económicas de apoio á inserción socio-laboral.
- Axudas económicas para situacións extraordinarias o catastróficas.

Artigo 4.- Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas ou familias empadroadas no Concello de Narón, cunha antigüidade de seis meses á data da solicitude, coas excepcións que se contemplan neste regulamento, que se atopen nunha situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión e cumpran cos requisitos específicos esixidos neste regulamento para a súa concesión.

Para a consideración de situación de necesidade teranse en conta, entre outros, os seguintes indicadores xerais:

- a) Ingresos insuficientes da unidade de convivencia.
- b) Carecer de parentes con obriga legal de prestación de auxilio ou incapacidade real de prestatlo.
- c) Existencia de débedas da unidade de convivencia acumuladas, que provocan colapso da capacidade de supervivencia familiar (débedas de alugamento da vivenda habitual, recibos de débeda de hipoteca da vivenda familiar, fornecementos, etc.).

CAPÍTULO II.- DEFINICIÓN, REQUISITOS E CONTÍA DAS AXUDAS SEN PRESCRICIÓN TÉCNICA

Artigo 5.- Axudas para comedor escolar

Son axudas destinadas a sufragar os custos de comedor escolar nos centros educativos concertados do Concello de Narón, en función da renda da unidade de convivencia.

5.1.- Requisitos

- Estar empadroado/a o/a neno/a no Concello de Narón.
- Estar matriculado/a nun centro educativo concertado dentro do termo municipal.
- A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido no apartado 5.2.2.

5.2.- Contía

5.2.1 Para determinar a contía das axudas de comedor escolar, serán de aplicación os prezos públicos fixados pola Consellería de Cultura, Educación e Deportes para cada curso académico.

5.2.2 Para ter dereito a axuda a capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente, en función dos membros da unidade de convivencia:

| Nº membros da unidade de convivencia | Tope anual de ingresos |
|--------------------------------------|------------------------|
| 2 | IPREM + 70% |
| 3 | IPREM + 90% |
| 4 | IPREM + 110% |
| 5 | IPREM + 130% |
| 6 | IPREM + 150% |
| 7 ou mais | IPREM + 170% |

Os importes e baremos de ingresos poderán ser revisados anualmente por resolución de Alcaldía.

A estes efectos, para determinar a capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros da unidade familiar.
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra a vivenda que constituía o domicilio habitual, se é o caso.

- Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún outro ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se o tivese, non se tería en conta eses gastos.

5.3.- Exclusiones ou incompatibilidades

Quedarán excluídos desta axuda os alumnos e alumnas matriculados en centros públicos ou en centros concertados situados fóra do termo municipal.

Esta prestación será incompatible con calquera outra para a mesma finalidade.

Artigo 6.- Axudas para material escolar

Son axudas destinadas a facilitar o acceso ao material didáctico e escolar das familias con alumado matriculado nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, e educación secundaria de adultos.

Entenderase como material didáctico e escolar:

- Dicionarios e outros materiais de consulta, cadernos, bolígrafos, e materiais miúdos de carácter académico.
- Instrumentos musicais, material informático e equipamento deportivo.

6.1.- Requisitos

- Estar empadroadado/a o/a neno/a no Concello de Narón.
- Estar matriculado/a nun centro educativo nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, e educación secundaria de adultos.
- A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido no apartado 6.2.1.

6.2.- Contía

6.2.1 A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente (incluídas as pagas extraordinarias), en función dos membros da unidade de convivencia:

| Nº membros da unidade de convivencia | Tope anual de ingresos |
|--------------------------------------|------------------------|
| 2 | IPREM + 70% |
| 3 | IPREM + 90% |
| 4 | IPREM + 110% |
| 5 | IPREM + 130% |
| 6 | IPREM + 150% |
| 7 ou mais | IPREM + 170% |

Os importes e baremos de ingresos poderán ser revisados anualmente por resolución de Alcaldía.

A estes efectos, para determinar a capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros da unidade familiar.
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra a vivenda que constituía o domicilio habitual, se é o caso.
- Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún outro ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se o tivese, non se tería en conta eses gastos.

As axudas concederanse segundo o nivel escolar do/a alumno/a, nos importe que figuran na seguinte táboa:

| Nivel escolar | Importe da axuda (€) |
|-------------------------------------|----------------------|
| 2º Educación Infantil | 80,00 |
| Educación Primaria | 90,00 |
| Educación Secundaria | 100,00 |
| Bacharelato e Formación Profesional | 190,00 |
| Centros de Educación Especial | 150,00 |

CAPÍTULO III.-DEFINICIÓN, REQUISITOS E CONTÍA DAS PRESTACIÓNS CON PRESCRICIÓN TÉCNICA

Artigo 7.- Axudas económicas con prescripción técnica

Se regulan neste capítulo aquelas axudas económicas que requiren informe favorable da Unidade de Traballo Social (UTS) de referencia ou, no seu caso, da Educadora Social adscrita a Servizos Sociais.

Se consideran axudas económicas de emerxencia suxeitas a prescripción técnica, as seguintes:

- Axudas para a alimentación infantil pediátrica.
- Axudas económicas para a garantía da vivenda habitual.
- Axudas económicas para sufragar gastos derivados do uso da vivenda habitual.
- Axudas económicas para necesidades urxentes diversas.
- Axudas económicas de apoio socio-educativo a menores.
- Axudas económicas para o aloxamento alternativo.
- Axudas económicas de apoio á inserción socio-laboral.

7.1 Axudas para alimentación infantil pediátrica

Son axudas económicas destinadas a garantir a nutrición infantil, durante o primeiro ano de vida dos/as menores de familias con recursos baixos ou insuficientes.

Requisitos:

Será preceptiva a prescripción facultativa dun/dunha pediatra da sanidade pública que indicará a necesidade de alimentación artificial, así a denominación do produto.

Contía:

A contía desta axuda será o 90% do custo do produto prescrito.

7.2 Axudas económicas para garantía da vivenda habitual

Son axudas destinadas a sufragar os gastos de alugamento ou dos recibos mensuais de hipoteca da vivenda habitual, cando existan garantías de continuidade na vivenda familiar.

Contía das axudas: a contía máxima a conceder será do 150% IPREM mensual (incluídas as pagas extraordinarias).

Poderase solicitar unha ou varias axudas por este concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo establecido para este concepto.

Estas axudas será incompatibles con axudas periódicas doutras administracións para esta finalidade, agás situacións excepcionais, que deberán de estar motivadas no informe técnico.

7.3 Axudas económicas para sufragar gastos derivados do uso da vivenda habitual

Son axudas destinadas a sufragar diversos gastos derivados do uso da vivenda, como fornecementos, cotas da comunidade de propietarios, seguro da vivenda etc.

Contía das axudas: a contía máxima polos gastos derivados do uso da vivenda será do 50% do IPREM mensual.

Poderase solicitar unha ou varias axudas por este concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo a conceder establecido para este concepto.

7.4 Axudas económicas para necesidades urgentes diversas

Son axudas económicas a persoas e/ou familias en situación económica e/ou social desfavorable, destinadas á cobertura das necesidades básicas ou a sufragar gastos de diversa natureza, de urxente necesidade, para finalidades distintas das outras prestacións contempladas neste regulamento.

Contía das axudas: a contía máxima das axudas para necesidades urgentes diversas será o 100 por cento do IPREM mensual.

Poderase solicitar unha ou varias axudas por mesmo concepto, sempre que a suma de todas elas non supere o límite máximo establecido para este concepto.

7.5 Axudas económicas de apoio socio-educativo a menores

Son axudas económicas ás familias con menores a cargo, incluídas no Programa de Educación Familiar Municipal, ou cunha intervención socio-familiar pola UTS de referencia, destinadas a favorecer o correcto desenvolvemento social (campamentos de verán, actividades deportivas, actividades de ocio e tempo libre...) e educativo (reforzo educativo, tecnoloxías aplicadas á educación...).

Contía: a contía a conceder será o custe total da necesidade a satisfacer, cun límite de 400 euros.

7.6 Axudas económicas para o aloxamento alternativo

Son axudas destinadas a sufragar gastos de aloxamento alternativo con carácter temporal para persoas ou familias que se visen privadas por razóns de catástrofe, saúde, en situación de risco inminente.

Contía: a contía desta axuda se determinará no informe social, en función da situación acontecida. O importe máximo será de 3.000,00€.

7.7 Axudas económicas de apoio á inserción socio-laboral

Son axudas destinadas a sufragar gastos derivados dos itinerarios formativos e laborais (gastos de desprazamento a cursos de formación, carné de conducir cando sexa imprescindible para a inserción laboral, servizos de conciliación, materiais...).

Contía: a contía a conceder será o custe total da necesidade a satisfacer, cun límite de 400 euros.

Será indicador da necesidade da axuda contida neste epígrafe que sexan os/as solicitantes, persoas integrantes dun itinerario de inserción socio-laboral.

Artigo 8.- Cálculo dos ingresos da unidade de convivencia

8.1.- Definición de unidade de convivencia

Entenderase por unidade de convivencia ao conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou parentesco, ata o 4º grao por consanguinidade, ou ata o 2º por afinidade.

Considerarase que se trata de unidades de convivencia independentes, malia que compartan o mesmo domicilio, nos seguintes casos:

- Cando nunha unidade existan menores a cargo.
- Cando estea conformada por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso ou situación de nulidade, divorcio ou separación legal, ou ben de cese acreditado dunha relación análoga á conxugal.
- Cando non exista ningún tipo de vinculación de parentesco nin de relación análoga á conxugal entre as persoas que convivan.
- Cando, por causas de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha unidade de convivencia se vexa obrigada a residir con outra.

Con carácter excepcional, aqueles outros casos en que exista unha valoración técnica que recomende recoñecela como tal.

8.2.- Definición de familia monoparental

Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento (Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

8.3.- Cálculo dos ingresos

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade de convivencia, procedentes de retribucións, pensións, subsidios, salarios, rendas, ou calquera outro tipo de prestación ou ingreso, regular ou irregular, con independencia da súa natureza, agás: a prestación familiar por fillo menor de 18 anos a cargo da Seguridade Social, a libranza para coidados no contorno familiar e os complementos de axuda por terceira persoa (da pensión de gran invalidez do INSS, da PNC, PF maiores de 18 anos e LISMI) e as axudas finalistas para distinto concepto do solicitado (becas de estudos, dietas de formación...).

Para obter a contía dos ingresos sumarase o conxunto dos ingresos netos obtidos nos últimos seis meses. A contía resultante dividirase entre 6 para obter os ingresos mensuais. Desta contía descontaranse os gastos derivados do pago do alugueiro ou amortización de hipoteca, segundo o caso, co límite de 300,00€ mensuais.

Nos casos nos que quede acreditado que no momento da solicitude non se cobra ningún tipo de ingresos ou a minución destes sexa do 50% dos ingresos que se estaban a percibir, terase en conta esta circunstancia para o cómputo dos ingresos, e posterior aplicación da axuda que corresponda.

· Capital mobiliario: Entenderase que existen medios económicos suficientes para a valoración da concesión destas axudas, si o capital mobiliario da unidade de convivencia supera o importe do IPREM mensual, tomando como referencia os movementos bancarios dos últimos seis meses anteriores á solicitude.

O límite establecido incrementarase en función do número de membros da unidade familiar, tal como se recolle na táboa das contías das axudas.

· Excepcións: A Comisión Técnica de Valoración das axudas económicas poderá valorar favorablemente e con carácter excepcional aquelas solicitudes que, non cumprindo algún dos requisitos ou condicións esixidas nestas bases, presenten, ao seu xuízo, circunstancias persoais, familiares ou socioeconómicas de especial gravidade que lle fagan precisar o beneficio regulado nestas, tras un informe da UTS de referencia.

8.4.- Límite de ingresos segundo a composición da unidade de convivencia:

| Número de membros na unidade de convivencia | Límite de ingresos económicos familiares |
|---|--|
| 1 persoa | Ata o 100 % do IPREM |
| 2 persoas | Ata o 125 % do IPREM |
| 3 persoas | Ata o 150 % do IPREM |
| 4 persoas | Ata o 175% do IPREM |
| A partir de 5 persoas aumentarase un 25% o límite de ingresos por cada membro | |

Poderase solicitar unha ou varias axudas contempladas nos artigos 7.2, 7.3, 7.4 e 7.5, sempre que non supere o límite máximo establecido para cada un dos conceptos.

Excepcionalmente, e de forma extraordinaria, poderase superar o importe máximo anual establecido, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo da Comisión técnica, previo informe da UTS correspondente.

Artigo 9.- Requisitos xerais para estas axudas

Os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente (ou ter iniciado o trámite legal de emancipación), agás situacións de desamparo.
- Estar empadroado no termo municipal de Narón cunha antelación mínima de seis meses á data da solicitude, segundo o caso, excepto aqueles solicitantes que están acollidos en recursos de aloxamento institucional.
- Non superar o nivel de renda establecido no regulamento para cada axuda.
- Non dispoñer de bens de calquera tipo, ou dereitos, ou amosar signos externos, que impliquen a existencia de medios ou bens suficientes para atender á necesidade para a que se solicita a prestación.
- Non ter acceso a outras prestacións doutras administracións públicas ou recursos propios que cubran a totalidade da necesidade para a que se solicita a prestación.

- Non ter recibido entre tódolos membros da unidade de convivencia axuda/s económica/s municipais ata os límites máximos establecidos no presente regulamento, nos doce meses anteriores, salvo naqueles casos excepcionais nos que por necesidade sobrevida, requiran de atención urxente e inmediata.
- Non dispoñer de capital mobiliario que exceda o límite sinalado no artigo 8.3.

CAPÍTULO IV.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACION

Artigo 10.- Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes para calquera tipo de axuda poderanse presentar, xunto coa documentación correspondente:

Na sede electrónica, conforme ao modelo oficial.

No Rexistro Xeral do Concello de Narón, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.

Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De maneira excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen. Neste caso, o informe social substituirá á solicitude, e terá carácter de inicio do expediente.

Artigo 11.- Prazo para solicitar

O prazo de presentación das solicitudes de axudas sen prescrición técnica, tendo en conta a súa finalidade poderán presentarse a partir do 1 de xullo de cada ano, para dar cobertura ás necesidades do seguinte curso escolar, e como data máxima ata o 30 de abril do curso corrente.

O prazo de presentación de solicitudes para calquera tipo de axuda con prescrición técnica, contempladas no artigo 7, permanecerá aberto durante todos os días hábiles do ano, atendendo á necesidade de dar cobertura a situacións ou necesidades sociais de urxente resolución.

Artigo 12.- Documentación necesaria para as axudas sen prescrición técnica

- Solicitude, segundo modelo oficial, debidamente cuberta.
- DNI, ou documento de identificación equivalente da persoa solicitante.
- Libro de familia.
- Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia, maiores de 16 anos, ou, no caso de non estar obrigados a facela:
 - Certificado de imputación de rendas de Facenda de todos os membros da unidade de convivencia.
 - No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.
 - No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego e percepción de prestación, de ser o caso.
 - No caso de estar traballando: contrato de traballo e das últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
 - No caso de inactivos: documento do SPE acreditativo de non estar inscrito como demandante de emprego das persoas maiores de 16 anos.
- Resúmen dos movementos bancarios dos últimos seis meses, emitido pola entidade bancaria, de todas as contas bancarias das que sexan titulares os membros da unidade de convivencia.
- Contrato de alugueiro ou hipoteca da vivenda habitual e recibos dos últimos tres meses, para ser obxecto de dedución.
- Resolución xudicial de separación/divorcio/alimentos, ou de medidas provisionais, ou xustificante de ter presentado a demanda, de ser o caso.
- Certificado conforme o/a alumno/a figura matriculado/a no curso escolar.
- Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O Concello unirá ao expediente documento acreditativo do empadramento ou se é o caso, de residencia.

No caso de que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentase unha minoración significativa en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os/as interesados/as terán que manifestar esta

circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos tres últimos meses inmediatamente anteriores á data da solicitude.

Aquelas persoas solicitantes que sexan beneficiarias da RISGA ou do IMV quedarán exoneradas de presentar esta documentación, cando consten debidamente acreditadas as circunstancias no expediente do Servizo Sociocomunitario.

Na solicitude de axuda para comedor escolar deberase especificar, obrigatoriamente, os días da semana nos que se vai facer uso do servizo de comedor, que servirá de base para o cálculo do importe da axuda que se solicita.

Artigo 13.- Documentación para as axudas con prescrición técnica

- Solicitude de axuda, segundo modelo oficial, debidamente cuberta.
- Fotocopia do DNI, ou, no caso de ser estranxeiro, NIE, tarxeta de residencia ou pasaporte.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Libro de saúde do/a neno/nena beneficiario/a da axuda (só nos supostos de alimentación infantil).
- Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia, maiores de 16 anos, ou, no caso de non estar obrigados a facela:
 - Certificado de imputación de rendas de Facenda de todos os membros da unidade de convivencia.
 - No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.
 - No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego e percepción de prestación, de ser o caso.
 - No caso de estar traballando: contrato de traballo e das últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
 - No caso de inactivos: documento do SPE acreditativo de non estar inscrito como demandante de emprego das persoas maiores de 16 anos.
- No caso de ser autónomo, declaracións trimestrais 130 e 303 dos 3 últimos trimestres.
- Xustificante bancario ou resumo dos movementos bancarios dos últimos 6 meses emitido polas entidades bancarias de referencia, de todos os membros da unidade convivencia de ingresos dos últimos seis meses.
- Declaración xurada de ingresos e de capital da unidade de convivencia, das axudas que se teñen solicitadas ou se teñen pensado solicitar polos mesmos conceptos.
- Resolución de separación/divorcio/alimentos, segundo o caso.
- Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.
- Modelo T-TES-01 de datos bancarios.

O Concello unirá ao expediente o documento de empadramento, ou, se é o caso, informe de residencia.

Aquelas persoas solicitantes que sexan beneficiarias da RISGA, IMV ou que a súa circunstancia socio-económica xa estivera valorada no expediente de Servizos Sociais, quedarán exoneradas de presentar esta documentación, cando consten debidamente acreditadas as circunstancias no expediente do Servizo Sociocomunitario

CAPÍTULO V.-PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN, CONCESIÓN, NOTIFICACIÓN E PAGO

Artigo 14.- Procedemento

14.1.– Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario municipal a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e de ser o caso, poderá requirir á persoa solicitante para que proceda a emendar os erros e/ou achegue os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles, apercibíndoos de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa petición, despois da corresponde resolución, de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.2.– A unidade administrativa do Servizo Sociocomunitario responsable da tramitación do expediente, incorporará os informes técnicos necesarios para a resolución do expediente, e poderá solicitar doutros departamentos e organismos municipais os informes de constatación das circunstancias do solicitante (de residencia ou convivencia á Policía Local, etc.), para efectuar as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos declarados polos interesados. Igualmente, poderá requiririlles a estes as aclaracións que se considere necesarias.

14.3.- O órgano competente para resolver a concesión/denegación das axudas contempladas neste regulamento será a Alcaldía, ou Concellería/Xunta de Goberno Local, en quen delegue.

14.4.- No caso das axudas contempladas nos artigos 5 e 6 deste regulamento, unha vez Instruído o expediente emitirase informe de avaliación provisional, e os expedientes serán remitidos á Comisión de Valoración Técnica.

O órgano instrutor, á vista do ditame da Comisión de Valoración Técnica, formulará unha proposta de resolución ao órgano competente, gasto que previamente será fiscalizado pola Intervención Xeral, que conterá a proposta no sentido que proceda (concedida ou denegada), o/a solicitante, e ademais:

- Para a axuda de comedor escolar: a bonificación individual de cada beneficiario/a, o número de días semanas concedidos, o importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda.
- Para a axuda de material escolar: alumno/a beneficiario/a, nivel educativo da axuda, e o importe da mesma.

Na resolución das axudas denegadas farase constar as causas de denegación: non estar empadroadado/a, superar os ingresos, outras causas.

A resolución de concesión/denegación será notificada ás persoas interesadas, e practicada no domicilio indicado na solicitude.

Unha vez concedidas as axudas para comedor escolar, se remitirá a cada centro escolar concertado unha relación de todo o alumnado que resultou beneficiario das axudas, con indicación do período, número de días semanais concedidos e do importe da axuda que lle foi concedida.

14.5.- No caso das prestacións contempladas no artigo 7 deste regulamento, unha vez Instruído o expediente e á vista da documentación e do informe proposta da UTS correspondente, ditarase resolución polo órgano competente de concesión ou denegación da prestación solicitada, gasto que previamente será fiscalizado pola Intervención Xeral.

A Comisión de Valoración Técnica reunirse no caso de necesidade de coordinación ou unificación de criterios na concesión/denegación das axudas, e nos casos excepcionais aos que se refire o regulamento, emitindo a UTS de referencia o informe correspondente, a proposta da Comisión de Valoración.

A resolución deberá ditarse no prazo máximo de 1 mes a partir da data da solicitude, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na notificación que se practique aos beneficiarios das axuda indicaranse de forma expresa as condicións que haberá que cumprir para facer efectivo o cobro da axuda.

14.6.- En todo caso, as axudas concederanse en función dos orzamentos dispoñibles no Concello na aplicación orzamentaria correspondente. Por este motivo, non bastará para percibir a axuda con que o solicitante reúna os requisitos esixibles, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria, adecuada e suficiente.

14.7.- O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

14.8.- As resolucións que diten poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o/a alcalde/sa – presidente do Concello de Narón, no prazo dun mes, se o acto fose expreso. Se non o fose, o prazo será de tres meses, e contarase a partir do día seguinte en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 15.- Comisión de Valoración Técnica

A Comisión de Valoración Técnica estará formada por:

15.1.- Para as axudas sen prescrición técnica:

- A Concelleira delegada da área correspondente
- A Xefa do Servizo Sociocomunitario
- Un Técnico de Xestión do Servizo Sociocomunitario

15.2.- Para as axudas con prescrición técnica:

- As Unidades de Traballo Social
- A Educadora Social adscrita a Servizos Sociais.
- A xefa do Servizo Sociocomunitario.

Artigo 16.- Pago da axuda

A contía, finalidade e forma de pago das prestacións concedidas serán as que se determinen na resolución.

16.1.- Axudas para comedor escolar: a axuda concederase á familia e pagarase directamente polo Concello á empresa que preste o servizo de comedor escolar do centro concertado do Concello de Narón. A empresa que preste o servizo a cada un dos centros, emitirá unha factura mensual, na que se detallen os/as beneficiarios/as, o tanto por cento bonificado, o total de días de asistencia do/a beneficiario/a no mes que se está a facturar, e o importe que debe aboar o Concello por cada neno/a.

O importe total do pago ordenado á empresa, por centro educativo, non poderá superar o importe das axudas concedidas correspondentes aos/ás nenos/as que resultaron beneficiarios/as das mesmas, e que previamente foi comunicado a cada centro docente.

16.2.- Axudas para material escolar: a axuda concederase ao/á solicitante e o pago realizarase mediante a entrega dun “vale”, asinado polo órgano competente, que será presentado en calquera dos establecementos do termo municipal de Narón nos que se admita esta forma de compra, para poder adquirir o material escolar que o/a solicitante demande, e polo importe máximo que figure no referido “vale”, que coincidirá co importe da axuda outorgada.

O “vale” no que figurará como titular o/a solicitante caducará no prazo que no mesmo quede indicado, non podendo ser fraccionado, é dicir, o importe total de cada vale só poderá ser utilizado nun único establecemento e por unha soa vez.

O comerciante que subministre o material deberá expedir factura ao Concello, que deberá cumprir cos requisitos que no “vale” se indican.

16.3.- Axudas con prescrición técnica: poderán ser perceptores da axuda, segundo os casos:

- O/a propio/a solicitante e/ou beneficiario/a da prestación.
- As entidades ou persoas designadas para a súa percepción, así coma os destinatarios últimos (acreedores da débeda do solicitante ou provedor de bens ou servizos) da prestación recoñecida, debendo ser nestes casos o pago directo.

Artigo 17.- Obrigas das persoas beneficiarias e perceptoras

As persoas solicitantes das prestacións teñen as seguintes obrigas:

- Comunicar ao Servizo Sociocomunitario todas aquelas variacións que houbese na súa situación socio-familiar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Destinar a cantidade percibida aos fins para os que a prestación foi concedida, debendo xustificarse na forma e tempo que se lle indique.
- Reintegrar os importes concedidos, total ou parcialmente, cando non se apliquen, total ou parcialmente, para os fins para os que se concedeu.

Artigo 18.- Causas de denegación

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes nas que, a pesar de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 6 poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- O obxecto da solicitude non é considerado de primeira necesidade.
- Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da problemática exposta ou que a súa concesión non sexa suficiente para a resolución da problemática expresada consonte informe da traballadora social.
- Que non exista consignación adecuada e suficiente para a atención da solicitude.
- Non ter debidamente xustificadas axudas concedidas con anterioridade.
- Ser debedor de reintegro de axudas anteriores.
- A persoa solicitante asume gastos non compatibles cunha situación de necesidade.

CAPÍTULO VI.- XUSTIFICACIÓN, REINTEGRO E REVOGACIÓN

Artigo 19.- Xustificación

19.1.- As axudas sen prescrición técnica non precisan de xustificación, tendo en conta a forma de pago.

19.2.- As axudas con prescrición técnica, a excepción das de alimentación infantil que se pagan directamente polo Concello ao provedor, deberán ser xustificadas no prazo e forma indicados na resolución de concesión, para a comprobación do destino do importe concedido para a necesidade solicitada. De non establecerse prazo, deberá ser xustificada no prazo máximo de dous meses, contados desde o día seguinte á data de pagamento da axuda, aportando para iso os documentos de gasto, advertíndolle que de non facelo se tramitará o correspondente expediente de reintegro do importe total ou parcial da axuda concedida.

A xustificación da axuda concedida presentarase no modelo oficial facilitado polo Concello, na forma establecida no artigo 10 deste regulamento, xunto coa documentación que consta na resolución de concesión.

Unha vez comprobada a documentación acreditativa, e de ser o caso, requirirase para que no prazo de 10 días hábiles emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Presentada a xustificación, a UTS de referencia emitirá informe no que constará se a solicitude foi presentada en tempo e forma, así como si está xustificada a axuda total ou parcialmente e, se é o caso, a cantidade a reintegrar.

Si non se presentase a xustificación en tempo e forma, o órgano instrutor requirirá á persoa beneficiaria para que presente a xustificación no prazo de 10 días. Transcorrido dito prazo, evacuado ou non o trámite conferido, a UTS de referencia emitirá informe nos termos establecidos no apartado anterior, e se iniciará o procedemento de reintegro correspondente, de ser o caso.

Artigo 20.- Revogación e reintegro da axuda

20.1.- Serán causas de revogación:

- Desaparecer a causa para a que foi concedida a axuda.
- Deixar de reunir os requisitos esixidos.
- A ocultación de información que de ser facilitada alteraría a concesión da axuda.

20.2.- Serán causas de reintegro total, ou parcial, da axuda concedida:

- Incumprimento da obriga de xustificar a axuda.
- Non destinar a axuda, total ou parcialmente, á finalidade para a que se concede.

CAPÍTULO VII.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Artigo 21.- Avaliación sistemática de calidade.

1.- Para garantir a adecuación destes instrumentos de axuda financeira aos obxectivos previstos, así como para efectuar estudos e optimizar criterios de aplicación, e mesmo coa finalidade de acadar unha máxima calidade nos procesos, créase a Comisión Técnica de Prestacións Financeiras Sociais Municipais.

2.- A Comisión Técnica estará composta por: As UTS, a Educadora social adscrita a Servizos Sociais, a xefatura do Servizo Sociocomunitario, coordinadora da Comisión.

Así mesmo poderán formar parte de maneira puntual, a petición do xefe do servizo, outro persoal técnico Sociocomunitario.

3.- As funcións da Comisión de Valoración Técnica son:

- Revisar os criterios de aplicación e interpretación para homoxeneizar o seu tratamento e enfoque.
- Revisar, contrastar e/ou estudar a aplicación do presente regulamento para optimizar a calidade da prestación.
- Estudar as posibles modificacións do regulamento, ou adaptacións ás necesidades cambiantes da cidadanía, coa finalidade de elevar as propostas que correspondan á Concellería de Acción Social.
- Emitir ditame no caso de necesidade de unificación de criterios, e nos casos excepcionais aos que se refire o regulamento.

4.- A Comisión Técnica poderá reunirse con carácter extraordinario cando a situación de urxencia o requira. Esta urxencia determinarase pola UTS que xestione o caso, e o Xefe de Servizo Sociocomunitario.

Disposicións derradeiras.

Primeira.-Todas as referencias ao IPREM, mensual ou anual, entenderanse referidas a este indicador, computado con pagas extraordinarias.

Segunda.–Facúltase ao alcalde-presidente do Concello a ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do presente regulamento.

Terceira.–O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra un prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, transcorrido o cal, sen haber alegacións, entenderase definitivamente aprobado.

Disposición derogatoria.

Este regulamento derroga expresamente o anterior, publicado no BOP de 19 de agosto de 2014, así como calquera modificación posterior do mesmo texto.

Narón, 16 de setembro de 2022.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.: Marián Ferreiro Díaz

2022/5726